dad, que puede estar amenazada. La posición adoptada por los obispos, que no fueron los protagonistas de este recurso, puede ser más o menos acertada; pero ciertamente no ha significado una renuncia a la identidad de la Iglesia, ni aceptar pensarla como una especie de organismo estatal.

En todo caso, la búsqueda de colaboración por parte de la Iglesia, la importancia dada a los espacios de encuentro y del diálogo para la defensa de la libertad y derechos de la persona, no deben malinterpretarse como un olvido de su naturaleza íntima; al revés, para la Iglesia compartir plenamente la vida de la sociedad es prueba de su universalidad, de la verdad de su caridad, que es paciente, espera siempre.

Ello no quita que, también en este contexto, pueda urgir igualmente una reflexión segunda sobre la interpelación que significa esta crisis sanitaria para nuestra sociedad y para nuestras libertades, que muchos están ya planteando. Como también puede revelarse necesario tomar más conciencia de cuál es y cómo se expresa nuestra presencia como Iglesia en la sociedad y en relación con el Estado.

En particular, puede ser conveniente, de nuevo, poner de manifiesto el singular espacio de libertad que representa en la vida pública y ante el Estado la realidad de la Iglesia católica, que no se define ni se gobierna desde el poder civil; sobre todo si éste tendiese a interpretaciones de su poder, de sus competencias —por ejemplo de orden público—, que dejasen de respetar derechos y libertades. Una reflexión semejante, hecha en referencia a la experiencia concreta vivida en este tiempo, propuesta en el momento oportuno, puede ser en todo caso un bien para la sociedad como tal y para el adecuado funcionamiento de nuestro Estado. Aunque, de hecho, no haya parecido una urgencia primera en este tiempo de sufrimiento, provocado por el virus covid-19.

III. Entender nuestras prioridades

El conjunto de la experiencia vivida en el confinamiento pide también de nosotros como Iglesia una reflexión más sistemática sobre la necesidad de conversión, referida no sólo a cada uno —a las propias debilidades y miedos, a la falta de presencia o de iniciativa—, sino también a nuestras estructuras y formas de actuación en la sociedad, como Diócesis y parroquias llamadas a una «conversión pastoral».

De la experiencia vivida no debemos olvidar la alegría y el agradecimiento experimentados ante el testimonio adulto de tantos fieles cristianos; ni tampoco la vivencia de fraternidad y de comunión profunda que hemos hecho como Iglesia en estos días. Ambas cosas pueden ayudarnos a entender mejor las prioridades de nuestra acción pastoral en adelante: la pertenencia vivida a la comunidad eclesial cercana y concreta, el amor fraterno expresado en las relaciones cotidianas, la unidad en la fe alimentada en la oración y las celebraciones litúrgicas, el poder ser y vivir como cristianos adultos en medio de la sociedad, en las propias responsabilidades familiares, laborales y sociales. ¿Qué mayor prioridad que la edificación de este Pueblo de Dios, de su presencia entre nuestras casas, de este tesoro de humanidad hecho posible por la Palabra y los sacramentos, por la gracia de nuestro Señor? Al final, este ha sido nuestro recurso y nuestra fuerza más grande, con la que fue posible vivir este tiempo de pandemia confiados en que «todo sirve para el bien de los que aman a Dios»; y afrontar con esperanza no sólo el sufrimiento, sino incluso el misterio de la muerte, tan presente repentinamente ante los ojos de cada uno y de todos, y ante la cual sin fe descubríamos que no hay respuesta alguna.

Ahora es tiempo de ayudarnos unos a otros a recordar lo más valioso que hemos vivido, a seguir reconociendo que somos miembros de este Pueblo de Dios y a vivir como tales, con conciencia despierta, constantes en la esperanza y en el amor fraterno, unidos

en la comunión del único pan eucarístico. Tras estos días, sabemos bien que cada uno de nosotros importa, que cada gesto cuenta.

Demos gracias a Dios nuestro Padre, porque la certeza de su amor da pleno sentido a cada día que vivimos, en toda circunstancia. Porque nuestra esperanza está en su Hijo, que nos ha amado y se ha entregado por nosotros; de modo que nuestro destino no lo decide ya la fragilidad de nuestra carne, mortal, como el virus nos ha recordado. Porque el Amor misericordioso, con el que el Señor Jesús nos enriquece, nos salva de la infidelidad y del egoísmo de nuestro corazón, y produce el milagro de nuestra constancia en la entrega, de que nuestra vida sea fecunda en obras buenas.

En toda circunstancia, y también ahora, demos gracias al Señor, que ha vencido al mundo y nos ha dado, tras todas las tristezas, una alegría que nadie nos podrá quitar.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Obispo de Lugo

Pensando no vivido como Igrexa en tempos de covid-19

Terminando xa o período de desconfinamento, diminuíndo, grazas a Deus, a emerxencia sanitaria, parece conveniente dedicar un momento á reflexión, volver a mirada ao vivido, ás respostas que demos neste tempo único; o que será bo, sen dúbida, á hora de pensar no futuro, que todos vaticinan diverso do que ata o de agora era «normal».

Como vivimos esta crise imprevista, para a que non nos preparámos? cal foi nosa actuación como Igrexa?

Non pretendemos, por suposto, dar unha resposta global nin completa a tales preguntas. Faría falta para iso escoitar o que se diría por parte de todas as Igrexas particulares irmás en España; mentres que aquí falamos só a partir da pequena experiencia de Lugo. E, aínda neste límite, non se tenta tampouco ser exhaustivo, senón só dicir como unha primeira palabra dun diálogo necesario, dar un paso inicial na reflexión que pide a vivencia desta crise, cuxos ensinamentos debemos escoitar.

I. Vivir a propia identidade

O xesto primeiro que fixemos como Igrexa foi evidentemente unha apelación sistemática, desde os primeiros momentos, a coidar da vida dos demais respectando as regulacións públicas. As dioceses,

os presbiterios, as parroquias guiáronse por esta preocupación primeira. Con todo, co paso do tempo puido xurdir unha dúbida a este respecto: correspóndese isto coa identidade da Igrexa? Foi só unha actuación obrigada, reducíndonos a un argumento ético e non teolóxico? Significou unha presenza da Igrexa ou foi máis ben unha simple retirada, esperando a que pasase a pandemia?

Ao meu parecer, esta primeira resposta correspondíase efectivamente coa natureza da Igrexa. Porque é propio da fe cristiá conducir á percepción nítida e á defensa dos bens fundamentais da persoa. Así pois, coa súa apelación ao coidado da vida que estaba en perigo, a Igrexa estaba a ser fiel á dinámica propia da súa fe, á súa afirmación fundamental de apreciar e poder salvar todo o verdadeiramente humano.

En efecto, a fe fainos conscientes e responsables ante os grandes valores éticos; pero non por iso se reduce á mera razón, nin se nega a si mesma. Mostra a súa verdade cando ensina como estar no mundo de modo adecuado, cando potencia a razón, é eficaz á hora de dar forma boa á vida, axúdanos a vivir unidos como irmáns. Non é de estrañar, por tanto, que para a fe sexa natural o diálogo e a colaboración con todos, tamén con outras formulacións relixiosas ou ideolóxicas. Pero non se relativiza por iso a esperanza da salvación, trazo primeiro da identidade eclesial, senón que se pon de manifesto segundo o gran programa de S. Xoán Paulo II: o home é o camiño da Igrexa.

Podemos concluír, por tanto, que esta apelación inicial non significou simplemente comportarse como un organismo estatal ou reducirse a afirmar valores éticos xenerais; senón que foi un xesto pastoral, consecuencia de tentar vivir as esixencias da caridade nestas circunstancias excepcionais.

Con todo, é certo que esta actitude primeira tamén podería malinterpretarse como unha retirada, coma se limitáramos a «quedarnos na casa», nunha especie de «pausa» eclesial. En particular, porque puido suceder así en ocasións, e ás veces inevitavelmente,

como no caso dos grupos de risco, cuxos membros foron convidados razoable e insistentemente a extremar a prudencia.

De caer nesta tentación, a Igrexa quedaría no horizonte de acción do Estado, poñendo entre paréntese o eclesial. Pero a Igrexa non limitou a súa actuación a esta primeira apelación, non reduciu a súa presenza só a isto. Ao contrario, ao longo deste tempo permaneceu activa, tentando levar a cabo a súa misión propia nesta peculiar situación.

A súa actuación encamiñouse en primeiro lugar ao ben das persoas, a manter vivas aquelas dimensións do humano, que parecen máis necesitadas da claridade e do sostén da fe nas circunstancias actuais. É dicir, a resposta da Igrexa estivo determinada pola súa percepción das esixencias máis inmediatas da caridade verdadeira.

A urxencia primaria era sen dúbida manter viva a relación da persoa con Deus, buscando as formas da proximidade na oración, de gardar ante os ollos e no corazón a verdade do seu Amor expresado na Eucaristía, de acceder á graza dos sacramentos mesmo nas situacións máis cargadas de limitacións, de conservar a conciencia da pertenza á comunidade eclesial concreta, ao Señor. De modo semellante, era necesario o coidado dunha fraternidade vivida, a experiencia de unidade e de proximidade que sostivese a cada un na soidade e na enfermidade; pero igualmente nos difíciles desafíos das propias tarefas profesionais, onde era esixida moitas veces non só honestidade e fiabilidade, senón xenerosidade e entrega grande, verdadeiro sacrificio, ata a posta en risco da propia vida. Todo iso é caridade, nacida da fe en Deus, que non pode darse por descontada, porque está, por definición, enraizada na liberdade e necesita vixilancia, fortaleza e perseveranza.

Para a Igrexa, acompañar aos seus —e a todos— na experiencia destes días constituíu a prioridade principal. Porque a Igrexa é «pobo de Deus», e resulta evidente que ante os desafíos da pandemia non podía negar esta identidade primeira: queriamos antes de nada vivir unidos este tempo. Non somos Igrexa, pobo de Deus,

fraternidade, só nalgúns momentos ou festas, senón tamén no traballo de cada día e, con toda certeza, nas dificultades, ante o sufrimento e a morte. A primeira preocupación había de ser a caridade fraterna, pedir a graza de ser liberados da pandemia, de saber acompañar e non abandonar a ninguén.

Desta maneira expresouse o máis íntimo da natureza e da misión da Igrexa. E nestes ámbitos desenvolveuse tamén a predicación cotiá —a miúdo de forma telemática—, o o acompañamento da vida dos fieis coa Palabra de Deus, frecuentemente en conversacións persoais; ou coas mensaxes que acompañaron a vida da Igrexa diocesana neste tempo.

Pode observarse, con todo, que iso levou consigo non considerar o máis urxente unha reflexión de teoloxía da historia sobre o significado da pandemia, aínda percibindo con nitidez como o virus impoñía de feito a necesidade dun «cambio» de vida, o que o cristián non pode non ver como unha chamada á «conversión». É aceptable esta ausencia? Certamente non do todo, pois á vida humana e á súa liberdade pertence esencialmente a intelixencia da realidade.

Ante dúbidas e cuestións que podían xurdir, mesmo ante preguntas como é este un castigo de Deus?, a resposta primeira foron os xestos da caridade máis inmediata, unidos ao sostemento da fe en Deus o noso Pai nos momentos de sufrimento, soidade ou escuridade. Só así podía falarse de modo crible do amor divino e tamén expor adecuadamente a pregunta, non a do medo ao castigo, senón a da conversión, a dunha vida segundo a vontade de Deus.

O testemuño de tantos membros do pobo de Deus foi sen dúbida como unha resposta a esta pregunta, tamén porque era unha invitación á esperanza, facía posible percibir o ben inmenso, a novidade de vida que significa crer no Evanxeo. É importante tomar conciencia diso e non limitarse a consideracións só sentimentais, que quedarían na superficie das cousas. Este protagonismo dos fieis cristiáns na resposta á crise, cumprindo con feitos e palabras a súa misión no medio do mundo, ten unha clara dimensión pro-

fética, fala elocuentemente de criterios morais e de formas de vida diversas, non construídas sobre o egoísmo e o utilitarismo.

Non infravaloremós nós mesmos a experiencia deste tempo, para que esta apelación, vivida e sufrida por tantos, non quede sen ser oída entre as moitas voces e portavoces que poboan o noso mundo mediático. Gardemos viva a memoria do que recoñecemos como bo e verdadeiramente humano. Se non esquecemos, por exemplo os esforzos extenuantes dos sanitarios pola vida dos pacientes, o drama de non conseguir ás veces atender a todos, veremos facilmente o contradictorio de non privilexiar unha lei de cuidados paliativos antes que unha lei da eutanasia, que favorece a morte.

O tempo do confinamento levounos a todos a darnos conta de que é posible vivir doutra maneira, convidounos a unha reflexión persoal sobre a conversión, dun mesmo pero tamén da nosa sociedade. A experiencia vivida puxo en discusión a nosa maneira habitual de estar no mundo, toda unha mentalidade na que estamos inmersos e que se atopou sacudida na súa presunta evidencia e seguridade, no orgullo do propio poder e —nós sabemos— na súa indiferenza ante Deus.

Que rapidamente cambiaron os ritmos das nosas existencias, os costumes, as rutinas máis elementais en que se apoiaba o noso día a día! Nun instante desapareceron cousas que considerabamos importantes, as que determinaban o noso tempo de lecer —desde o contacto coa natureza ao deporte, a relación cos amigos e as festas, etc.—, pero tamén as obrigacións elementais da nosa vida laboral e social.

Puidemos descubrir, con todo, que a nosa vida continuaba, mesmo con menos trauma do esperado.

Facíase fácil poñer en cuestión moitas presuntas evidencias. Crebaba certamente a ilusión do control sobre a realidade e a propia vida; a crenza no poder da nosa sociedade, capaz de responder a calquera perigo que o mundo puidese expor; a convicción da auto-suficiencia da ciencia e da técnica. Descubrímonos todos fráxiles,

como experimentan cada día tantas outras xentes e pobos da nosa terra. Descubrimos a nosa propia natureza, de carne e óso, ameazada por un virus inesperado e incontrolable. Soubemos que podíamos enfermarse e morrer pronto. Creceu así o medo; pero tamén a certeza de que non podemos ser só unha conxunción de forzas naturais cegas. E puidemos descubrir tamén a nosa dignidade no testemuño de tantos que actuaban con outros criterios na vida; pero igualmente no rostro dos seres queridos, cuxo ben non podemos evitar desexar de todo corazón.

Entendemos mellor que cada un merece coidados. Soubemos que non é posible a indiferenza entre o ben e o mal, a vida e a morte. E puidemos abrírnos de novo a Deus, e moitas veces volver rezar, non aceptando así reducirnos á soidade radical, á insignificancia no medio do mundo, á falta de esperanza propia do materialismo, que non respondía para nada as esixencias da nosa experiencia inmediata.

Volvendo á normalidade, volveremos nós iguais a antes da pandemia? non teremos outra conciencia, outra capacidade de análise, non exporemos outras esixencias ás nosas institucións e autoridades públicas, chamadas a coidar da vida e o ben común?

A seriedade do vivido puxo en cuestión toda posible lixeireza nosa —ou despreocupación— para coa propia existencia, para coas urxencias da propia persoa, os bens e os afectos fundamentais, e tamén —por desgraza— para coas necesidades e sufrimentos doutras persoas e de pobos enteiros.

Puidemos apreciar en toda a súa densidade e na súa bondade os factores que verdadeiramente constitúen a nosa vida. En primeiro lugar, o significado das nosas familias, de ter unha casa e un fogar, a compañía dos nosos seres queridos e a responsabilidade ante eles; contra tanta mentalidade, tantas regulacións sociais e mesmo leis que nos acostuman a pensar máis ben na súa disolución. Igualmente o significado do traballo, evidente en quen o facía por nós e percibido en todo o seu sentido para a propia existencia

ao faltar de súpeto; como desprezalo en diante, rexeitalo, manipúlalo? Como preferir a distracción, quedar no puro consumo, buscar a comodidade de non facer nada? como non valorar grandemente a xustiza no traballo? E do mesmo xeito poderían elencarse outras dimensións da existencia, por exemplo as que posibilitan a vida común, os medios de comunicación ou os servizos e autoridades públicas; non percibimos mellor canto depende o ben de cada un e de todos da súa veracidade, de que non resulte enganosa a súa tarefa? Pero igualmente a Igrexa, onde nos relacionamos con Deus e aprendemos a vivir como irmáns; como non distinguir entre a fe, a esperanza e a caridade, e o escepticismo ou o egoísmo?

Vivimos igualmente a alegría profunda que significa a fraternidade, a entrega e o sacrificio, o amor ao próximo. Experimentamos a compaixón no sufrimento e a enfermidade, ante a soidade ou o abandono mesmo nos últimos momentos da vida. Gozamos do ben do compartir; sabemos con certeza que non podemos existir os uns sen os outros, aínda que o misterio de cada vida sexa singular. Tras o vivido e ao volver á normalidade, non deberíamos temer o risco de volver ao nihilismo, ao materialismo utilitarista, e rexeitalo case instintivamente, como inimigo do noso ben?

A pandemia devólvenos así de moitas maneiras á nosa responsabilidade persoal, ao desafío dun uso pleno da razón e a liberdade, a escoita verdadeira da nosa experiencia e da palabra do outro, á seriedade ante a propia vida e a do próximo.

En todo caso, e aínda que sexan moitos os temas abertos e diversos os modos de afrontalos, non podemos dispensarnos da reflexión sobre a experiencia que fixemos, sobre o que revelou da nosa maneira de vivir e de cumprir as nosas responsabilidades, sobre as urxencias e as prioridades que deben guiarnos en diante. É importante para cada un, e tamén para todos, para que sexa posible un diálogo e unha compañía real no camiño, de cuxa importancia hoxe non temos a menor dúbida. Deus queira sosternos a todos nesta tarefa.

II. A relación co Estado

Algunhas preguntas puideron xurdir en particular sobre a relación co Estado, debido a algúns xestos ou decisións súas que podían parecer non recoñecer a importancia para a persoa da fe cristiá, da participación na vida da Igrexa. Ata o de agora a limitación da liberdade de acción da Igrexa non constituíu entre nós un problema grave; pero a cuestión expúxose ás veces, xunto coa defensa doutras liberdades sociais.

En principio, a actuación da Igrexa neste tempo respectou en todos os países a competencia propia do Estado, que pode resumirse neste caso no coidado da «orde pública» necesaria para loitar contra a expansión do virus. Iso non significou, con todo, que se comprendeu a si mesma como unha «asociación» ou como unha institución asistencial entre as diversas que existen no Estado, como puido criticarse algunhas veces.

Aínda que a caridade —Caritas— sexa expresión do seu ser íntimo, a presenza da Igrexa na sociedade e a súa actuación durante a pandemia non se reducen ás múltiples formas do seu servizo aos necesitados. É ante todo un «Pobo», que camiña e vive unido os desafíos do momento, movido polas certezas da fe e o amor de Deus.

É posible que esta conciencia eclesial debера ser máis explícita e expresarse máis publicamente; pero quizá non pareceu imprescindible nun primeiro momento, nin a tarefa máis necesaria.

Con todo, é certo que as regulacións de orde pública adoptadas polas autoridades gobernativas por motivos sanitarios afectan tamén as formas concretas da vida e ás celebracións da Igrexa. Nalgún momento deron pé a dúbidas: respéctase a importancia que ten para os fieis a participación nas celebracións eclesiais? non se corre o risco de considerar atendida esta dimensión da vida sen ter en conta a súa natureza comunitaria, dicindo, por exemplo, que cada un pode rezar na súa casa?

Á hora de ponderar estas regulacións, é necesario ser conscientes de que se trata sempre de decisións prudenciais, determinadas

en principio pola urxencia de evitar o contaxio do virus; así como da importancia para o ben común de manter o respecto debido á orde pública.

Pero, en todo caso, pode ser útil lembrar que sería un erro grave na concepción do Estado non recoñecer plenamente o espazo da liberdade relixiosa e de conciencia. De feito, excedería das xustas competencias das autoridades políticas relativizar o significado esencial da vida relixiosa para as persoas —como outros dereitos fundamentais—, ou reduci-lo a fenómeno individual, non recoñecendo a súa dimensión comunitaria e pública.

Lembrar estes trazos fundamentais da vida dunha sociedade democrática non está de máis. De feito, a experiencia europea do último século, que conduciu ás actuais liberdades democráticas, mostrou a transcendencia de que o Estado non pretenda converterse na guía moral da sociedade, non tente impoñerlle a ideoloxía propia de quen dispón do poder público; senón que, ao contrario, defenda a liberdade relixiosa e de conciencia, para non caer no totalitarismo. Por outra banda, a historia xa longa da Igrexa católica nas nosas nacións fixo plenamente consciente ao Estado de que existe un ámbito de fe e de vida —individual e social— que non está sometido aos seus ditames nin se reduce ás

súas fronteiras, que é esencial para a persoa e que debe respectar. A presenza da Igrexa, e precisamente tamén na súa dimensión institucional, foi así, de feito, un baluarte da liberdade.

Desde a perspectiva eclesial, recoñecendo como obxectivo común o ben da persoa, o adecuado é sempre unha colaboración leal co Estado, o que implicará certamente saber cal é o lugar e a competencia de cada un, e estar aberto a un diálogo franco e respectuoso.

A Igrexa fíxoo sen dúbida neste tempo de pandemia, colaborando sistematicamente e recoñecendo as competencias governativas en todo o que, nestas circunstancias, implicaba a «orde pública», entendido en sentido lato.

Nalgúns casos, con todo, deuse un rexeitamento a determinadas regulacións, que non parecían aplicarse con xustiza á vida da Igrexa. De feito, algúns fieis —como sucedeu, por exemplo, en Francia, pero tamén en España— presentaron recurso ante os tribunais para defender os seus dereitos como membros da Igrexa. Hai quen pretendeu explicar a actuación do Estado nestes casos como consecuencia da perda de relevancia social do cristianismo, debida a unha secularización crecente; pero, aínda podendo ser en parte certo, ponse de manifesto así tamén a facilidade con que autoridades gubernativas entenden estes feitos desde unha perspectiva «laicista».

Porque a defensa da liberdade relixiosa e de conciencia pertence á natureza mesma da sociedade democrática, máis aló do número de persoas que confesan publicamente a súa fe.

Acudir aos tribunais, como sucedeu nestes casos, é signo de que os cristiáns viven no medio da sociedade, cuxas dinámicas boas promoven e respectan; e coa conciencia clara de que, defendendo a propia liberdade, tamén se fose necesario cos lexítimos medios xurídicos, defenden a liberdade de toda a sociedade, que pode estar ameazada. A posición adoptada polos bispos, que non foron os protagonistas deste recurso, pode ser máis ou menos acertada; pero certamente non significou unha renuncia á identidade da Igrexa, nin aceptar pensala como unha especie de organismo estatal.

En todo caso, a procura de colaboración por parte da Igrexa, a importancia dada aos espazos de encontro e do diálogo para a defensa da liberdade e dereitos da persoa, non deben malinterpretarse como un esquecemento da súa natureza íntima; ao revés, para a Igrexa compartir plenamente a vida da sociedade é proba da súa universalidade, da verdade da súa caridade, que é paciente, espera sempre.

Iso non quita que, tamén neste contexto, poida urxir igualmente unha reflexión segunda sobre a interpelación que significa esta crise sanitaria para a nosa sociedade e para as nosas liberdades, que moitos están xa expondo. Como tamén pode revelarse nece-

sario tomar máis conciencia de cal é e como se expresa a nosa presenza como Igrexa na sociedade e en relación co Estado. En particular, pode ser conveniente, de novo, poñer de manifesto o singular espazo de liberdade que representa na vida pública e ante o Estado a realidade da Igrexa católica, que non se define nin se goberna desde o poder civil; sobre todo se este tendese a interpretacións do seu poder, das súas competencias —por exemplo de orde pública—, que deixasen de respectar dereitos e liberdades.

Unha reflexión semellante, feita en referencia á experiencia concreta vivida neste tempo, proposta no momento oportuno, pode ser en todo caso un ben para a sociedade como tal e para o adecuado funcionamento do noso Estado. Aínda que, de feito, non parecese unha urxencia primeira neste tempo de sufrimento, provocado polo virus covid-19.

III. Entender As Nosas Prioridades

O conxunto da experiencia vivida no confinamento pide tamén de nós como Igrexa unha reflexión máis sistemática sobre a necesidade de conversión, referida non só a cada un —ás propias debilidades e medos, á falta de presenza ou de iniciativa—, senón tamén ás nosas estruturas e formas de actuación na sociedade, como Diocese e parroquias chamadas a unha «conversión pastoral».

Da experiencia vivida non debemos esquecer a alegría e o agradecemento experimentados ante o testemuño adulto de tantos fieis cristiáns; nin tampouco a vivencia de fraternidade e de comunión profunda que fixemos como Igrexa nestes días. Ambas as cousas poden axudarnos a entender mellor as prioridades da nosa acción pastoral en diante: a pertenza vivida á comunidade eclesial próxima e concreta, o amor fraterno expresado nas relacións cotiás, a unidade na fe alimentada na oración e as celebracións litúrxicas, o poder ser e vivir como cristiáns adultos no medio da sociedade, nas propias responsabilidades familiares, laborais e sociais. Que maior prioridade que a edificación deste

Pobo de Deus, da súa presenza entre as nosas casas, deste tesouro de humanidade feito posible pola Palabra e os sacramentos, pola graza do noso Señor?

Ao final, este foi o noso recurso e a nosa forza máis grande, coa que foi posible vivir este tempo de pandemia confiados en que «todo serve para o ben dos que aman a Deus»; e afrontar con esperanza non só o sufrimento, senón mesmo o misterio da morte, tan presente repentinamente ante os ollos de cada un e de todos, e ante a cal sen fe descubriamos que non hai resposta algunha.

Agora é tempo de axudarnos uns a outros a lembrar o máis valioso que vivimos, a seguir recoñecendo que somos membros deste Pobo de Deus e a vivir como tales, con conciencia esperta, constantes na esperanza e no amor fraterno, unidos na comunión do único pan eucarístico. Tras estes días, sabemos ben que cada un de nós importa, que cada xesto conta.

Demos grazas a Deus o noso Pai, porque a certeza do seu amor dá pleno sentido a cada día que vivimos, en toda circunstancia. Porque a nosa esperanza está no seu Fillo, que nos amou e se entregou por nós; de modo que o noso destino non o decide xa a fragilidade da nosa carne, mortal, como o virus nos lembrou. Porque o Amor misericordioso, co que o Señor Xesús nos enriquece, sálvanos da infidelidade e do egoísmo do noso corazón, e produce o milagre da nosa constancia na entrega, de que a nosa vida sexa fecunda en obras boas.

En toda circunstancia, e tamén agora, deamos grazas ao Señor, que venceu ao mundo e deunos, tras todas as tristezas, unha alegría que ninguén nos poderá quitar.

+ Alfonso Carrasco Rouco
Bispo de Lugo

SECRETARÍA GENERAL

Nombramientos

- 15/05/20 Josué Emmanuel Trujillo Núñez
Encargado temporal de San Fiz de Cangas, Santiago de Castellón, San Vicenzo de Castellón, Santo Estevo do Mato, San Vicenzo de Deade, San Xulián de Eiré, San Martiño de Pantón, San Xulián de Serode, Santo André de Següín, San Martiño de Siós, San Cibrao de Vilamelle
- 17/05/20 Ramón Piñeiro Campos
Administrador parroquial de Santo Estevo de Anllo
- 17/05/20 Raúl Álvarez Otero
Administrador Parroquial de San Pedro de Canaval, San Nicolao de Millán, Santa María de Proendos, San Miguel de Rosende y Santa María de Vilaescura
- 07/06/20 Carlos Eduardo Salazar Femayor
Administrador parroquial de San Vicenzo de Eirexa-feita y Santiago de Xuvencos
- 07/06/20 José Luis González Regueiro
Administrador Parroquial de San Pedro de Cereixa, San Xurxo de Eixón y Santa Comba de Fornelas
- 07/06/20 Jesús Antonio Trigo López
Administrador Parroquial de San Miguel de Braña y Santa María de Fonteó

- 07/06/20 Miguel Asorey Otero
Administrador Parroquial de Santiago de Martín y
Santa María Magdalena de Retizós
- 22/06/20 José Antonio Adrio Carballude
Cese de la parroquia de San Pedro
Cese de la Delegación de Juventud
- 05/07/20 Abraham Sánchez Pujante
Administrador Parroquial de San Xoán de Alto, San
Vicenzo de Burgo y San Martiño de Poutomillos
- 05/07/20 Josué Emmanuel Trujillo Núñez
Administrador parroquial de San Fiz de Cangas, San-
tiago de Castellón, San Vicenzo de Castellón, Santo
Estevo do Mato, San Vicenzo de Deade, San Xulián de
Eiré, San Martiño de Pantón, San Xulián de Serode,
Santo André de Següín, San Martiño de Síos y San
Cibrao de Vilamelle,
- 06/07/20 Alejandro Asorey Novoa
Vicario Parroquial de Santa Mariña de Chantada
- 11/07/20 Rodrigo Rúa Iglesias
Ecónomo Diocesano
- 11/07/20 Nicolás Susena Presas
Administrador parroquial de Santa Eulalia de Bolaño, San
Miguel do Camiño, Santiago de Castroverde, San Miguel
de Covelas, San Cibrao de Montecubeiro, Santa María
Madanela de Pena, San Xurxo de Rebordaos, San Pedro
de Serés, Santa María de Vilabade, San Pedro de Vilalle
- 11/07/20 Nicolás Susena Presas
Delegado Episcopal de Familia
- 11/07/20 Nicolás Susena Presas
Director de la Fundación Centro de Orientación Fami-
liar de la Diócesis de Lugo

- 11/07/20 Daniel Gil González
Párroco in solidum (miembro) de la parroquia de Santiago A Nova de Lugo
- 11/07/20 Carlos Presas Aguiar
Vicario parroquial de Nuestra Señora del Rosario de Sarria
- 11/07/20 Jorge Vázquez Freire
Cese Vicario Parroquial de Nuestra Señora del Rosario
- 11/07/20 Luis Varela Castiñeira
Vicerrector de los Seminarios Conciliares Mayor y Menor
- 11/07/20 Luis Varela Castiñeira
Delegado Episcopal de Juventud
- 11/07/20 Jesús López Pérez
Vicario Parroquial de San Pedro de Lugo
- 11/07/20 José Manuel Penela Campos
Administrador parroquial de San Pedro de Lugo
- 11/07/20 Daniel Gil González
Asesor Religioso de Cursos de Cristiandad
- 11/07/20 Jesús López Pérez
Confesor de las Hermanas de la Cruz
- 21/07/20 Jesús Río Ramilo
Administrador parroquial de Santa Baia de Bendollo, San Miguel de Montefurado, Santa María Vilaster
- 21/07/20 Lino Emir Smith
Administrador parroquial de Santa María de Bendilló, Santa Isabel de A Enciñeira, San Martiño de Peites, Santo Antonio Vilanuíde
- 21/07/20 Rodrigo Rúa Iglesias
Miembro nato Comisión de gestión Fondo «Sempre Xuntos»

- 21/07/20 Mónica Yáñez Devesa
Miembro nato Comisión de gestión Fondo «Sempre Xuntos»
- 21/07/20 Genoveva Romero Iglesias
Miembro designado como técnico de Cáritas para Comisión de gestión Fondo Sempre Xuntos»
- 21/07/20 José Antonio Ferreiro Varela
Miembro designado como director de Cáritas parroquial para Comisión de gestión Fondo «Sempre Xuntos»

Defunciones

- 28/05/20 Rvdo. D. Francisco Teijeiro Varela
- 20/06/20 Rvdo. D. Segundo Gómez Santoalla
- 10/07/20 Rvdo. D. José Goy López

NECROLÓXICAS

Rvdo. D. Francisco Teijeiro Varela

O Rvdo. D. Francisco Teijeiro Varela naceu na Parroquia de San Mamede de Agüela (Antas de Ulla) o día 25 de marzo de 1943.

Despois de realizar os Estudos Eclesiásticos no Seminario Diocesano de Lugo foi ordenado presbítero o día 18 de decembro de 1965 polo Dr. D. Antonio Ona de Echave.

No ano 1966 é nomeado Ecónomo de San Vicente de Villamor (Folgozo de Caurel) e en 1967 Ecónomo de San Martín de Asperelo (Rodeiro). No ano 1969 exerce como coadxutor da Parroquia da Milagrosa, na cidade de Lugo, actividade que compaxina coa de Mestre no Colexio Cervantes ata a súa xubilación civil.

Desde 1971 foi párroco de San Vicente do Burgo, de San Xoán de Alto e San Martiño de Poutomillos ademais de Asesor Relixioso do Colexio Cervantes.

Os seus compañeiros lembran con agarimo a súa cordialidade e capacidade de servizo. Despois dunha enfermidade cardíaca faleceu o día 28 de maio de 2020.

Descanse en paz.

Rvdo. D. Segundo Gómez Santoalla

Naceu o ano 1932 en Salvador de Insua e nese templo recibiu o sacramento do bautismo.

Aos 16 anos, en 1948, ingresa no Seminario Diocesano de Lugo coa intención de ser sacerdote e, despois de facer con éxito os estudos de bacharelato, filosofía e teoloxía foi ordenado presbítero polo Dr.

D. Antonio Ona de Echave, bispo auxiliar de Lugo, o 29 de xuño do año 1960, o curso máis numeroso dos últimos sesenta anos.

O seu primeiro destino é de coadxutor de Santa María de Tuiriz (Pantón).

En 1963 pasa a exercer o seu ministerio sacerdotal á República Arxentina a través da OCSHA.

Regresa a Lugo e fai un curso no Instituto teolóxico de Pastoral de Madrid.

En 1973 é Secretario do Secretariado Diocesano de Catequese.

Foi Párroco de Santa María de Bóveda, San Lourenzo de Recimil, San Vicente de Pedreda e San Xillao de Rubiás.

Cando se xubilou era Asesor Relixioso do Centro Infantil e Primaria Luís Pimentel das Gándaras.

Estivo un tempo na Residencia Sacerdotal en Lugo e os dous últimos anos da súa existencia pasounos no seu pobo natal de Tuiriz convivindo coa súa familia, que lle dedicou atención e agarimo.

Integrouse plenamente no Arciprestado, cunha participación, na medida das súas posibilidades, nos retiros, formación permanente e outras actividades como a peregrinación que fixeron todos os sacerdotes do Arciprestado á parroquia de Suegos visitando a igrexa e a casa onde naceu San José María Díaz Sanjurjo.

O fundamental foi a súa vida interior profunda. Don Segundo ensinou o que cría e viviu o que ensinaba.

Celebrouse o funeral en Tuiriz, presidido polo Sr. Bispo. Descanse en paz.

Rvdo. D. José Goy López

O Rvdo. D. José Goy López, naceu na Parroquia de Santa Mariña de Chantada o día 14 de xullo de 1933. Despois de cursar no Seminario Diocesano de Lugo cinco anos de Latín e Humanidades e tres

de Filosofía, realizou a Licenciatura en Sagrada Teoloxía na Universidade Pontificia de Salamanca. É ordenado sacerdote a petición propia na Diocese de Bilbao o día 8 de xullo de 1956 polo entón Bispo daquela Diocese, Dr. D. Pablo Gúrpide Beopoi. En novembro do mesmo ano foi nomeado Ecónomo da Parroquia de Santiago de la Vega, actividade pastoral que compaxina desde marzo de 1962 coa de encargado da Parroquia de San Julián de la Vega de Sarria.

En setembro de 1966 solicita autorización ao Bispo da Diocese, Dr. D. Antonio Ona de Echave para participar nas oposicións para Capeláns do Corpo Eclesiástico do Exército do Aire. Gracia que se lle concede o mesmo mes da data. En 1967 ingresa no Corpo de Capeláns do citado Exército do Aire onde desenvolveu un intenso traballo pastoral cos novos soldados e cos mandos do Exército, especialmente na cidade de Valladolid.

Xubilado como Capelán do Exército en 1996, regresou á Diocese e encoméndanselle as Parroquias de Santiago de Miraz, Santiago de Trasmonte e San Pelagio de Seijón (Friol). Posteriormente, en novembro de 1998 é nomeado administrador Parroquial de San Remigio de Bazar, San Pedro de Calde e Santa Eulalia de Esperante (Lugo).

No ano 2013 xubilase. Os últimos anos da súa vida foi coidado con agarimo na Residencia Sacerdotal do Seminario Diocesano. Dotado de boa capacidade intelectual, amante da vida e dos bos costumes, con gran celo apostólico e bo conversador, permaneceu fiel á vocación sacerdotal e aos traballos pastorais ata que minguaron as súas forzas.

Falece o día 10 de xullo de 2020. A Capela Ardente ten lugar na Parroquia do Bo Pastor de Lugo así como o funeral que se celebra o día 11 de xullo na citada Parroquia ás 17/30 presidido polo Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Alfonso Carrasco Rouco, Bispo de Lugo.

Descanse en paz.

MAIO

Protocolo de prevención do contaxio nos lugares de culto da Diocese de Lugo

Tras decretar o 14 de marzo pasado o estado de alarma, para evitar a expansión do covid-19, o Goberno de España anunciou agora o levantamento paulatino das medidas restritivas. Dada a grave responsabilidade que supón previr o contaxio da enfermidade, lembramos a todos a necesidade de seguir as normas ditadas a este respecto polas nosas autoridades lexítimas. E establecemos as seguintes disposicións para a celebración do culto público nas nosas parroquias, encomendándoas á prudencia dos sacerdotes responsables e dos membros das súas comunidades.

I. Disposicións de carácter xeral

1. Segue vixente a dispensa do precepto dominical, concedida o pasado 13 de marzo. Recoméndase ás persoas que presenten síntomas ou sexan poboación de risco que sigan absténdose de acudir ao templo.
2. De maneira semellante, os sacerdotes pertencentes ao grupo de risco están eximidos das obrigacións de celebración do culto público nas súas parroquias.
3. Poderá congregarse ao Pobo de Deus para a celebración do culto público a partir do día 11 de maio, inicio da fase 1, respectando as seguintes condicións:

- 3.1. Garantírase que os espazos estean desinfectados conforme ás normas sanitarias antes de cada celebración.
- 3.2. Para a desinfección, utilídense produtos que non danen o mobiliario das igrexas. O Ministerio de Cultura recomendou recentemente o etanol, disolto ao 70%. En caso de utilizar outros produtos, compróbase antes a súa ficha técnica.
- 3.3. Ofreceráse á entrada do templo xel hidroalcohólico ou algún desinfectante semellante para as mans.
4. Nos horarios en que se ofrece acceso libre aos fieis para a oración, a porta do templo deberá estar aberta. Os espazos afectados serán desinfectados antes de cada apertura.
5. Para determinar a cabida e a distancia de seguridade, tomarase como referencia o indicado polas autoridades civís para cada fase (até agora 1/3 na primeira fase e 1/2 na segunda).
6. Pídese que, en xeral, os fieis fagan uso de máscara nas igrexas.
7. As pilas de auga bendita continuarán baleiras.
8. Recoméndase aos fieis non tocar retablos, imaxes ou outros obxectos artísticos.

II. Disposicións ao redor da celebración da Santa Misa

1. Persoas responsables ocuparanse de:
 - 1.1. A entrada ordenada dos fieis no templo, respectando a distancia de seguridade.
 - 1.2. O peche da porta de entrada, ao completar a cabida permitida.
 - 1.3. A distribución dos fieis no templo.
 - 1.4. A orde á hora de comulgar.
 - 1.5. A apertura da porta ao terminar a celebración e a saída ordenada dos fieis respectando a distancia de seguridade.

2. As portas das igrexas manteranse abertas á entrada e saída das celebracións.
3. Evitaranse os coros nas celebracións; recoméndase manter un só cantor ou algunhas voces individuais e algún instrumento. Non se distribuirán follas de cantos, pregos coas lecturas ou calquera outro obxecto de papel.
4. Non se pasará a cesta da colecta, senón que se advertirá aos fieis da súa colocación nun lugar determinado e facilmente accesible.
5. O cáliz, a patena e os copóns estarán cubertos coa *palia* durante a pregaría eucarística. Manteranse por separado a forma que sumirá o sacerdote e as formas para a comunión dos fieis.
6. O sacerdote celebrante desinfectará as súas mans ao empezar o canon da misa e, xunto cos demais ministros da comunión, antes de distribuíla.
7. Mantense a indicación de evitar dar a man e outras formas de contacto físico no rito da paz. Lémbrese que, segundo o previsto nas normas, é posible prescindir deste rito nas actuais circunstancias.
8. O diálogo individual da comunión (O Corpo de Cristo. Amén), será substituído pola oración que fará publicamente o sacerdote antes de comulgar (O Corpo de Cristo gárdenos para a vida eterna) ao que o pobo responderá en voz alta (Amén). A Eucaristía distribuirase logo en silencio.

III. Disposicións relativas a outras celebracións sacramentais

1. A celebración do Sacramento da reconciliación e os momentos de escoita dos fieis: ademais das medidas xerais, escollerase un espazo que permita manter a distancia social asegurando a confidencialidade. Tanto o fiel como o confesor deberán levar máscara. Ao acabar, aconséllase reiterar a hixiene de mans e a limpeza das superficies.

2. Bautismo: Rito breve. Nas uncións pódese utilizar un algodón ou bastonciño dun só uso, incinerándose ao terminar a celebración.
3. Matrimonio: Os aneis, arras, etc., deberán ser manipulados exclusivamente polos contraentes. Mantéñanse a debida prudencia na firma dos contraentes e as testemuñas, así como na entrega da documentación correspondente.
4. Unción de enfermos: Rito breve. Na administración dos óleos pode utilizarse un algodón ou bastonciño como se indicou anteriormente. Os sacerdotes moi maiores ou enfermos non deberían administrar este sacramento a persoas que están infectadas por coronavirus. En todo caso, obsérvense as indicacións de protección indicadas polas autoridades sanitarias correspondentes.
5. Exequias de defuntos: Os funerais e as exequias seguirán os mesmos criterios da misa dominical. Aínda que sexa difícil neses momentos de dor, convén lembrar a importancia de manter a distancia de seguridade. Deberán cumprirse as limitacións que establezan as autoridades sanitarias nos velorios e cemiterios.
6. Na celebración de bautismos, primeiras comunións, vodas ou funerais recoméndase ao párroco acordar en diálogo cos interesados a organización do servizo de orde, así como a cabida e as oportunas medidas de precaución.

IV. Utilización de dependencias parroquiais para reunións ou sesións formativas de acordo coas pautas indicadas na Previsión orientativa do Ministerio de Sanidade

1. Na primeira fase, poderán ter lugar reunións de menos de 30 persoas, en espazos pechados nos que non se supere 1/3 da cabida, e respectando a distancia de seguridade e a utilización de máscaras.
2. Na segunda fase, poderán ter lugar reunións de menos de 50 persoas, en espazos pechados nos que non se supere 1/3 da

cabida, e respectando a distancia de seguridade e a utilización de máscaras.

3. Na terceira fase, poderán ter lugar reunións de menos de 80 persoas, en espazos pechados nos que non se supere 1/3 da cabida, e respectando a distancia de seguridade e a utilización de máscaras. Todas estas medidas comezarán a aplicarse a partir do día 11 de maio, coincidindo co inicio da Fase 1. Serán revisadas puntualmente segundo a normativa emanada polas autoridades competentes.

A S. I. Catedral de Lugo reabriu o culto público o día 11

O horario das eucaristías na S. I. Catedral será ás 10 h e ás 12 h. A partir do día 17 tamén haberá misa ás 19 h.

O acceso realizarase pola porta principal (praza Pio XII)

Pídese a todos os asistentes que respecten as normas de prevención e hixiene establecidas. Entre elas sinalar que segue vixente a dispensa do precepto dominical, concedida o pasado 13 de marzo. Recoméndase ás persoas que presenten síntomas ou sexan poboación de risco que sigan absténdose de acudir ao templo; pídese que, en xeral, os fieis fagan uso de máscara nas igrexas; respectar a cabida indicada polas autoridades civís para cada fase.

PROTOCOLO DE PREVENCIÓN establecido pola Diocese de Lugo

I. Disposicións de carácter xeral

1. Segue vixente a dispensa do precepto dominical, concedida o pasado 13 de marzo. Recoméndase ás persoas que presenten síntomas ou sexan poboación de risco que sigan absténdose de acudir ao templo.

2. De maneira semellante, os sacerdotes pertencentes ao grupo de risco están eximidos das obrigacións de celebración do culto público nas súas parroquias.
3. Poderá congregarse ao Pobo de Deus para a celebración do culto público a partir do día 11 de maio, inicio da fase 1, respectando as seguintes condicións:
 - 3.1. Garantirase que os espazos estean desinfectados conforme ás normas sanitarias antes de cada celebración.
 - 3.2. Para a desinfección, utilídense produtos que non danen o mobiliario das igrexas. O Ministerio de Cultura recomendou recentemente o etanol, disolto ao 70%. En caso de utilizar outros produtos, compróbase antes a súa ficha técnica.
 - 3.3. Ofrecerase á entrada do templo xel hidroalcohólico ou algún desinfectante semellante para as mans.
4. Nos horarios en que se ofrece acceso libre aos fieis para a oración, a porta do templo deberá estar aberta. Os espazos afectados serán desinfectados antes de cada apertura.
5. Para determinar a cabida e a distancia de seguridade, tomarase como referencia o indicado polas autoridades civís para cada fase (até agora 1/3 na primeira fase e 1/2 na segunda).
6. Pídese que, en xeral, os fieis fagan uso de máscara nas igrexas.
7. As pías de auga bendita continuarán baleiras.
8. Recoméndase aos fieis non tocar retablos, imaxes ou outros obxectos artísticos.

II. Disposicións ao redor da celebración da Santa Misa

1. Persoas responsables ocuparanse de:
 - 1.1. A entrada ordenada dos fieis no templo, respectando a distancia de seguridade.

- 1.2. O peche da porta de entrada, ao completar a cabida permitida.
- 1.3. A distribución dos feis no templo.
- 1.4. A orde á hora de comulgar.
- 1.5. A apertura da porta ao terminar a celebración e a saída ordenada dos feis respectando a distancia de seguridade.
2. As portas das igrexas manteranse abertas á entrada e saída das celebracións.
3. Evitaranse os coros nas celebracións; recoméndase manter un só cantor ou algunhas voces individuais e algún instrumento. Non se distribuirán follas de cantos, pregos coas lecturas ou calquera outro obxecto de papel.
4. Non se pasará a cesta da colecta, senón que se advertirá aos feis da súa colocación nun lugar determinado e facilmente accesible.
5. O cáliz, a patena e os copóns estarán cubertos coa *palia* durante a pregaria eucarística. Manteranse por separado a forma que sumirá o sacerdote e as formas para a comunión dos feis.
6. O sacerdote celebrante desinfectará as súas mans ao empezar o canon da misa e, xunto cos demais ministros da comunión, antes de distribuíla.
7. Mantense a indicación de evitar dar a man e outras formas de contacto físico no rito da paz. Lémbrese que, segundo o previsto nas normas, é posible prescindir deste rito nas actuais circunstancias.
8. O diálogo individual da comunión (O Corpo de Cristo. Amén), será substituído pola oración que fará publicamente o sacerdote antes de comulgar (O Corpo de Cristo gárdenos para a vida eterna) ao que o pobo responderá en voz alta (Amén). A Eucaristía distribuirase logo en silencio.

A revista *Lvcensia* publicou o seu número 60

Lvcensia celebrou os seus 30 anos de existencia cun volume con variedade de temas, como é habitual, e cun entrañable recordo do que foi a presentación do primeiro número de *Lvcensia*. Acontecemento que tivo lugar na sala de lectura da Biblioteca do Seminario no outono de 1990, como se quixo reflectir na portada do número 60 nunha pequena homenaxe aos seus fundadores. Moitas foron as dificultades ás que se tivo que enfrontar *Lvcensia* ao longo da súa historia pero sempre saíu adiante grazas en gran parte ao inestimable apoio da Diocese e por suposto ao interese de colaboradores, lectores e subscritores, apoios hoxe en día imprescindibles.

En canto aos contidos, outro aniversario importante é o centenario do nomeamento de frei Plácido Rei Lemos como bispo de Lugo, celebrado o ano pasado, ao que se lle dedican varias páxinas neste número por parte de Gonzalo Fraga e José Ramón Figueiredo. E seguindo con aniversarios, *Lvcensia* faise eco da primeira exposición de pintura galega celebrada no Círculo das Artes de Lugo, da man de Carlos Gegúndez.

Importante tamén é a orixe das coleccións incorporadas ao fondo do Museo de Lugo, como pon de manifesto Aurelia Balseiro presentando un traballo cuxo obxectivo «baséase en mostrar os principais conxuntos de bens culturais, en orixe pertencentes a coleccionistas concretos, posteriormente incorporados a este museo, así como a súa forma de ingreso, integración ou adaptación entre as coleccións museísticas propias».

A figura de Carvalho Calero, autor homenaxeado este ano no día das Letras Galegas, é o centro de dous artigos presentados, un deles pola directora do Colexio Fingoi, Siña Fernández e María Casar, profesora do mesmo, onde exerceu como director, e outro por Luisa Doval que recolle o testemuño dos libros escritos e dedicados por alumnos e amigos que están na Biblioteca do Seminario de Lugo.

Abel Vilela segue investigando no Camiño Primitivo, colabora neste número falando sobre as capelas de San Pedro de Fóra, Virxe do Camiño, Casa da Concha e os hospitais da Ponte e da Porta Falsa.

Outros artigos centrados na historia de Lugo e a súa provincia, son os presentados por Ernesto Iglesias, que estuda a presenza dos xudeus en Monforte; Óscar González realiza un rigoroso estudo sobre o antigo arciprestado de Luaces e Gonzalo Fraga recolle os arrendamentos do cabido catedralicio de Lugo.

XUÑO

O Bispo de Lugo felicitou a Monseñor Jesús Fernández, novo bispo de Astorga

A Santa Sé fixo pública a elección de monseñor Jesús Fernández González, bispo auxiliar de Santiago de Compostela, como bispo da diocese de Astorga. E tras este anuncio, o bispo de Lugo manifestou a súa felicitación e agradeceu ao Papa Francisco a confianza depositada en Monseñor Jesús Fernández para presidir a Igrexa irmá de Astorga. O prelado lucense estendeu esta felicitación á diocese leonesa.

De igual maneira, Monseñor Alfonso Carrasco expresou o seu «máis cordial recoñecemento e agradecemento a Don Jesús polos seis anos como bispo auxiliar de Santiago de Compostela, nos que traballamos xuntos polo ben do pobo de Deus».

O Bispo de Lugo asegura a Don Jesús a oración por el «rogando á Nosa Señora dos Ollos Grandes e a San Froilán que o protexan e guíen neste novo encargo».

Monseñor Jesús Fernández González foi nomeado bispo auxiliar de Santiago de Compostela polo Papa Francisco o 10 de decembro de 2013. Recibiu a ordenación episcopal o 8 de febreiro de 2014 na

catedral de Santiago de Compostela de mans do arcebispo Mons. Julián Barrio Barrio.

Solemidade do Corpus Christi na catedral de Lugo

O 14 de xuño, ás 11 h, na S. I. Catedral de Lugo, o Bispo da Diocese, Mons. Alfonso Carrasco, presidiu a Solemne Eucaristía de Corpus.

Acompañaron a celebración un grupo de cantores do Orfeón Lucense e da coral Xeral-Calde.

Na súa homilía, o Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, comezou dicindo que celebramos o Corpus con alegría: «as formas das nosas tradicións, as expresións da nosa devoción non están presentes, pero a alegría coa que celebramos hoxe o Corpus, é quizais aínda máis grande, porque proclamamos a esperanza da vitoria que vén do Señor, que é na que cremos».

«Este tempo que nos puxo en cuestión, un tempo singular pola súa dificultade e as súas ameazas, pero que hoxe celebramos con loanza: todas estas cousas pasarán, porque non son o que nos define; o que vén deste mundo non nos define. Hoxe reunímonos para proclamar a alegría da esperanza. A vida que a natureza nos dá ten os seus límites, pero sabemos que non imos desaparecer senón que hoxe celebramos quen somos realmente e que pertencemos ao Señor. A Aquel que deu a vida ao mundo entregando a súa carne, e que está connosco sempre. Celebramos unha esperanza inmensa que ilumina a vida, que non se perde, senón que está destinada a salvarse.

«Neste día en que celebramos o Amor verdadeiro, o que dá vida, celebramos que ningunha circunstancia nos derrotará. O que a natureza nos pode quitar, non nolo pode quitar para sempre. O máis grande que temos non o perderemos nas mans do Señor».

Finalizou a súa homilía pedindo ao Señor que nos «libere dos males do corpo e da alma, pidámoslle esperanza, fe do corazón,

que permanezamos unidos a El: pidámoslle que, se caemos, nos recolla; que nos encha de amor, de caridade para estar a carón dos irmáns, e que nos axude a loitar cando sexa difícil a tarefa; que nos conserve unidos a El porque así non perderemos nada do que verdadeiramente nos importa (...) e deámoslle grazas pola esperanza coa que sostivo e acompañou a tantos nestes momentos de pandemia (...) pedímoslle e rezamos, dando grazas por estar connosco, porque nos consola e dános esperanza dunha vida definitiva».

O Bispo de Lugo presidiu un funeral polos defuntos da Diocese falecidos durante o tempo da pandemia

A iniciativa do Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, a S. I. Catedral de Lugo acolleu o 18 de xuño unha Misa Funeral polo eterno descanso dos falecidos durante a corentena imposta polo Covid-19.

«Un funeral é unha celebración na que facemos verdade que a morte foi situada por Xesucristo no seu lugar e que, por tanto, non ten a última palabra sobre a persoa», asegurou Mons. Carrasco. Con esta conciencia, a Diocese de Lugo acolleu a invitación do prelado e participou nesta solemne celebración, presencialmente ou desde as súas casas ou parroquias.

Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento

Ás 12 da mañá comezaba na Catedral de Lugo a cerimonia da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, que vén celebrando desde 1669. Este ano correspondíalle á cidade de Lugo a presentación desta Ofrenda.

O Bispo de Lugo, Mons. Alfonso Carrasco Rouco, presidiu a Eucaristía na que concelebraron o resto dos bispos galegos, e o bispo electo de Astorga. Acompañaron á oferente, a alcaldesa da cidade de Lugo, Lara Méndez, os alcaldes e representantes das sete cidades do antigo Reino de Galicia; así como outras autoridades civís e militares.

Na contestación á Ofrenda, o bispo de Lugo, Mons. Carrasco Rouco comezou a súa homilía manifestando o seu agradecemento á alcaldesa oferente a presentación da ofrenda «que asumiu esta responsabilidade nun ano tan extraordinario como este 2020, en que o mundo e tamén Galicia sofre esta pandemia provocada polo covid-19 (...) na orixe deste singular privilexio eucarístico, segundo unha vella tradición, houbo outra opción, un xesto de liberdade tamén en tempos difíciles (...) a opción que levou aos nosos pais a pór un signo eucarístico no centro do Altar maior da súa igrexa principal, foi reconecer outro camiño: O do fillo de Deus que se fixo carne, e na súa carne realizou a salvación, levouna á gloria e á resurrección. Entenderon que non se bastaban a si mesmos, que non era suficiente organizar ben as súas forzas, que a resposta ao enigma da vida viña dun don, dun amor».

Continuou dicindo que «o Señor no Altar maior é a afirmación do valor da nosa humanidade, da carne e do sangue en que se realizará a salvación. É a defensa do humilde, do que chora, do que busca a paz, do que é misericordioso e manso, do que non nega a fe do corazón, do que confía en Deus Pai. É a vitoria do humilde, do que reconece que non pode darse a vida, que as súas forzas non abundan para asegurarlle o ben que desexa para si mesmo, para a súa familia e para a súa terra. É a vitoria dos sinxelos de corazón, que reconecen a verdade manifesta tan humanamente en Xesús (...) Así se irá conformando moito mellor o pobo galego. Que pode afirmar sen medo a vida e a dignidade da propia existencia, que non teme ao traballo e vive no medio da natureza con realismo, que sabe compartir as penas e as alegrías, que sabe pór a mesa e abrirlle a casa aos seus, aos veciños, aos invitados. Que non pecha a porta ao necesitado, senón que o atende e recolle. Que coida de pais e avós, que non abandona aos seus nas dificultades ou na enfermidade. Que se alegra polo esplendor da humanidade dos seus propios patróns, en quen ve a certeza das promesas cumpridas e axuda constantemente no camiño; que celebra as súas festas sen medos, lixeiros de corazón, compartindo a fe e a caridade, o agradecemento e a alegría de vivir»

Finalizou resaltando que neste tempo difícil: «recollamos de novo o desafío que expresan as palabras coas que os nosos antepasados acompañaron este signo eucarístico: *aquí profesamos con firmeza este misterio da nosa fe* (...) Todos os esforzos son benvidos, todos os traballos necesarios. Todas as colaboracións son causa de alegría e alixeiran o camiño. Cada xesto conta, cada palabra de consolo, cada momento de compañía. Nestes días aprendamos de novo, ás veces con dor, que é decisivo dicir sempre: cada un importa».

O Bispo de Lugo constituíu un fondo diocesano para atender as necesidades caritativas máis urxentes

Nunha carta pastoral o Bispo de Lugo explicou como xorde e cal é o obxectivo deste fondo diocesano destinado a facer fronte ás necesidades caritativas das parroquias.

«A nova situación en que nos atopamos, as necesidades están a crecer, debido á crise económica e social xerada polo confinamento, afectando á vida cotiá de persoas e familias. Por iso, pareceunos corresponder á vontade inicial dos doantes ampliar agora os obxectivos aos que está destinado o Fondo *Sempre Xuntos*, converténdoo nun Fondo diocesano máis permanente, vinculado ás necesidades caritativas máis urxentes das nosas parroquias.

«Nesta nova normalidade que agora comezamos necesitaremos que sexa verdade o lema de *Sempre Xuntos*, para non deixar atrás a ninguén, e experimentar esta comunión cristiá de bens, nacida da liberdade da fe».

O fondo está dotado dunha cantidade inicial de 100.000 €. Tal e como explica Mons. Carrasco na carta adxunta: 44.000 € proveñen da campaña *Sempre Xuntos* (iniciativa do clero diocesano); 32.000 € de achega da Diocese de Lugo; e 24.000 € achegados por Cáritas Diocesana.

Continuación das visitas turísticas-culturais á S. I. Catedral de Lugo

O 1 de xullo reanudáronse as visitas turístico-culturais á S. I. Catedral de Lugo co seguinte horario:

- De luns a xoves: de 11 a 17 h
- De venres a sábado de 11 a 19 h

Os espazos visitables son: capelas e Altar Maior, o claustro, o Museo Diocesano Catedralicio e as torres.

Téñense en conta todas as medidas hixiénicas e de seguridade establecidas (xel, máscara, cabida limitada), e ademais, aquelas implementadas pola propia empresa xestora das visitas como son: a posibilidade de acceder á información da visita a través dun código QR se non se desexa utilizar a audioguía, ou a adquisición das entradas en liña a través de www.catedraldelugo.es

XULLO

Ordenación Sacerdotal de Alejandro Asorey e Carlos J. Sánchez

O sábado 4 de xullo na S.I. Catedral B. de Lugo celebrouse a ordenación sacerdotal de Alejandro Asorey e de Carlos J. Sánchez.

Alejandro Asorey Novoa. É natural da Parroquia de Santa María de Donramiro, ten 26 anos. Estudou primaria no Colexio Comarcal de Lalín. No Seminario Diocesano de Lugo cursou ESO, Bacharelato e, os estudos eclesiásticos. Encargouse da librería do Seminario. Tras realizar prácticas pastorais nas parroquias de San Lourenzo de Albeiros (Lugo) e San Miguel de Monterroso, colaborou na Unidade Pastoral de Chantada.

Carlos Jesús Sánchez Márquez. Naceu en Lugo o 9 de xaneiro de 1995. Ten 25 anos. Pertence á Parroquia Santiago a Nova. Realizou os estudos primarios no Colexio dos Maristas. No ano 2007 empezou os seus estudos secundarios no Seminario Menor e cando rematou o Bacharelato, foi admitido no Seminario Maior no ano 2013. Realiza estudos de Filosofía na universidade San Dámaso e colabora na parroquia Nosa Señora da Asunción de Aravaca.

A celebración foi retransmitida a través da canle de YouTube da Diocese de Lugo.

Envellecemento Activo

O COF diocesano de Lugo e o Instituto da Familia puxeron en marcha en Lugo o programa «Envellecemento activo». É unha proposta de coidado integral ás persoas maiores e xubiladas coa que, a través de talleres experienciais, achégase aos asistentes unha serie de ferramentas para levar unha vida máis plena.

Comezouse o día 15 na parroquia de San Francisco Javier e houbo unha segunda sesión o 22 de xullo.

Este programa ofreceu talleres impartidos por diversos especialistas nos que se desenvolveron as potencialidades creativas dos asistentes a través da maxia, traballouse o desenvolvemento da memoria autobiográfica positiva ou a axuda mutua; tamén se impartiu un taller de nutrición saudable.

O programa é totalmente gratuíto para os asistentes.

Xornada polos afectados da pandemia

A Diocese de Lugo sumouse á celebración da Xornada polos afectados da pandemia o día 26 de xullo. O bispo, Mons. Alfonso Carrasco, presidiu a eucaristía na S. I. Catedral, celebración que puido seguirse tamén a través da canle da Diocese en YouTube.

As pretensións desta xornada eran:

- Ofrecer a Santa Misa polo eterno descanso de todos os defuntos, e pedir a Deus consolo e esperanza para os seus familiares.
- Rezar por todos os que foron contaxiados e as súas familias.
- Rezar polos maiores, en especial, polos que están sós ou en residencias.
- Rezar para pedir ao Señor luz, comunión e entrega fraterna ante a crise social e económica provocada pola pandemia e o confinamento.
- Dar grazas a Deus polo traballo, sacrificio e esforzo de tantas persoas, tanto no ámbito civil, como nas nosas comunidades eclesiais.
- E como o 26 de xullo celebrábase o día dos avós, dar grazas a Deus e pedir unha bendición especial para eles, recoñecendo o gran papel que exercen na vida familiar.

AGOSTO

Festival Musical da Asunción

Os días 10, 11 e 12 de agosto tivo lugar o primeiro Festival Musical da Asunción na cidade de Lugo.

Con este festival pretendíase destacar e solemnizar a celebración da festividade da Asunción, solemnidade de Nosa Señora dos Ollos Grandes, titular da S. I. Catedral de Lugo e patroa da cidade e da Diocese. E ao mesmo tempo retomábase a actividade musical propia da Diocese suspendida por mor da emerxencia sanitaria (non se puido celebrar o tradicional Festival Internacional de órgano do Corpus Christi de Lugo, nin o Curso de Música Litúrxica do Corpus Christi).

O Festival incluiu tres concertos:

- O primeiro o 10 de agosto, ás 20.45 h na S. I. Catedral de Lugo, contou coa participación de dúas notables voces solistas femininas e o acompañamento ao órgano de Giulio Mercati. O programa dedicouse en boa parte á liederística sacra romántica, con amplas referencias marianas.
- O concerto do día seguinte foi na capela do Seminario Diocesano, e nel interpretáronse a *Missa Brevis* de Palestrina e pezas organísticas de autores modernos e románticos como Duruflé, Karg-Elert e Reger.
- A S. I. Catedral de Lugo acolleu o último concerto, no que se evocou unha liturxia dos tempos de Johann Sebastian Bach, a quen se dedicou enteiraamente o programa, con pezas para órgano só e unha serie de cinco corais expostas primeiramente en forma de paráfrase organística.

A Diocese de Lugo e o Cabido da Catedral de Lugo foron os organizadores do Festival, que estivo patrocinado polo Concello de Lugo, (Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua) e contouse coa colaboración do Seminario Diocesano de Lugo.

Provincia Eclesiástica de Santiago



- Nota pastoral dos Bispos da Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela sobre a participación na Eucaristía dominical

Nota pastoral dos Bispos da Provincia eclesiástica de Santiago de Compostela sobre a participación na Eucaristía dominical

Desde o inicio da crise sanitaria provocada polo virus COVID-19 e de acordo cos protocolos sanitarios establecidos polas autoridades, os Bispos de Galicia, pensando no maior ben e na tranquilidade de conciencia dos fieis, procedemos a dispensar da obrigaición da asistencia a Misa os domingos e días de precepto, vivida desde sempre nesta gran familia que é a Igrexa católica.

Debido ao estado de alarma, durante estes últimos meses paralizáronse moitas das actividades pastorais habituais e mesmo houbo templos pechados. Nestas circunstancias, a nosa Igrexa tentou facerse presente a través do ministerio dos sacerdotes, de membros da vida consagrada e de laicos comprometidos nas tarefas eclesiais. Puidemos constatar con admiración e sorpresa como o enxeño creativo de moitos se reactivou e buscou os modos de que os fieis sentisen próxima a presenza e a solicitude da Igrexa, axudándolles a manter viva a esperanza e a piedade, de maneira especial a aqueles que viven en soidade e en situacións máis vulnerables. Utilizando en particular os medios telemáticos dispoñibles na actualidade, puxéronse ao dispor de todos materiais litúrxicos e catequéticos, que fixeron posible a vivencia do domingo no marco do fogar cristián.

Así, aínda que é certo que o noso pobo fiel viviu con desconcerto un inesperado xaxún eucarístico, podemos constatar que a dura experiencia que supuxo o confinamento social consecuencia da

pandemia levounos a unha vivencia singular do día do Señor, non á súa supresión: fomos testemuñas dunha verdadeira peregrinación chea de fe *do templo á casa, da igrexa parroquial á Igrexa doméstica*. Non houbo un esquecemento do día do Señor, o *dies Domini*. As retransmisións televisivas, ou a través de internet, achegaron a todos os fogares as Eucaristías dominicais e festivas, incluso a Eucaristía diaria, así como acontecementos de especial transcendencia eclesial como as celebracións de Semana Santa e os actos presididos polo papa Francisco.

Na actualidade, grazas a Deus, foron xa levantadas as prohibicións que afectaban á nosa habitual mobilidade, aínda manténdose a esixencia de moitas cautelas. Por este motivo, parécenos necesario dirixirnos agora a vós para levantar tamén a dispensa antedita, de modo que todos, na medida das nosas posibilidades e cos coidados debidos, renovemos con alegría e esperanza o antiquísimo costume eclesial de participar na Misa dominical e festiva cunha presenza física e real, no seo das nosas comunidades de referencia.

A participación activa na Eucaristía dominical nunca foi para nós só un costume ou un mero deber, senón a celebración da comunión con Cristo e cos irmáns (cf. LG 7), *no día en que Cristo venceu á morte e fíxonos partícipes da súa vida inmortal*. Cada celebración dominical, presididos polo sacerdote e convocados como Pobo de Deus ao redor da mesa do altar, as palabras de Xesús, «facede isto en memoria miña» (cf. Lc 22, 19; 1Cor 11, 24-25) foron sempre moito máis que un simple recordo ou unha repetición dos seus xestos e palabras. Foron e son unha verdadeira acción de grazas e encomio, presenza actual e viva de Cristo pola forza da súa Palabra e do seu Espírito, *memorial de Cristo, da súa vida, da súa morte, da súa resurrección e da súa intercesión xunto ao Pai*.

Agora, tras o tempo de confinamento, podemos valorar mellor a graza grande de vivir a Eucaristía en comunidade, sobre todo o domingo e os días de precepto; e experimentar a alegría de ser

membros da gran familia da Igrexa católica, vivindo como irmáns, unidos sempre, pero sobre todo nas dificultades. A vivencia presencial da Eucaristía dominical ten unha importancia decisiva para a fe de cada un e *fundamenta e confirma toda a práctica cristiá*.

Celebrar cada domingo a Eucaristía na comunidade parroquial ou na comunidade de referencia da unidade pastoral sostén a nosa esperanza ante a vida e ante a morte, e fortalece o compromiso da caridade. Comulgar a Cristo, Pan de Vida, introdúcenos á máxima unión co Fillo de Deus e coa Igrexa e, por tanto, cos nosos irmáns. Non se pode compartir o pan eucarístico sen compartir o pan cotián. Deste xeito, a vida enteira do crente vaise facendo expresión da entrega do Señor pola salvación de todos, especialmente daqueles que máis o necesitan.

De feito, durante as semanas máis duras do confinamento puídemos ver multitude de xestos de fraternidade nas parroquias cara ás persoas máis afectadas pola pandemia: o esforzo que se fixo e fai nos comedores de Cáritas, a repartición de alimentos nas parroquias, a preocupación polos enfermos e anciáns, a proximidade cara ás familias recluídas nas súas casas... e moitos outros que permaneceron e permanecen no anonimato. Para non esgotarnos nin rendernos no necesario esforzo que temos que facer ante as dramáticas consecuencias socio-económicas que se derivarán da crise sanitaria, os fieis cristiáns temos que alimentar o exercicio da caridade, especialmente na celebración dominical, porque a Eucaristía acende e *arrastra aos fieis á caridade de Cristo, e por si mesma convértese en escola de amor activo ao próximo, que impulsa a todo o que cre nel a facerse pan partido para os demais e, por tanto, a traballar por un mundo máis xusto e fraterno*.

Así pois, participemos de novo na celebración do domingo, día do Señor, como o día en que a nosa fe nútrese co Pan da Palabra e da Vida: só así a nosa existencia como cristiáns será prolongación vital do amor de Deus *derramado nos nosos corazóns co Espírito Santo que se nos deu* (Rom 5, 5).

A singular experiencia do confinamento foi, sen dúbida, unha invitación para deternos e a pensar no noso modo de vivir; e, en particular, unha ocasión para comprender mellor a importancia que ten para cada un a celebración do domingo. Agora é tempo de saír de novo, coas medidas sanitarias esixidas, e de celebrar xuntos a Santa Misa, con paz e alegría, con calidade litúrxica e calidez humana a Eucaristía dominical cos irmáns na fe, presididos polos nosos sacerdotes. Así, participando nas nosas comunidades e parroquias, poderemos afrontar os desafíos do noso tempo alentados polo Espírito do Resucitado sostidos polo gozo de celebrar presencialmente no templo o día do Señor, e pola comunión nas riquezas de vida e de caridade que nos ofrece a Eucaristía.

Que Santa María, Nai de Deus e Nai nosa, e os nosos santos patróns, o Apóstolo Santiago, San Rosendo, San Martiño, San Froilán, San Telmo, protexan e amparen as nosas comunidades e parroquias, gárdennos unidos nas alegrías e nas adversidades, e sexan o noso auxilio para librarnos desta pandemia e de todo mal, para que nos nosos corazóns consérvense sempre a fe, a paz e o amor fraterno.

Santiago de Compostela, 25 de xullo de 2020.

- + Julián, Arcebispo de Santiago
- + Luis, Bispo de Tui-Vigo
- + Alfonso, Bispo de Lugo
- + José Leonardo, Bispo de Ourense
- + Luis Ángel cmf, Bispo de Mondoñedo-Ferrol

- Nota de prensa de la Comisión Permanente de la Conferencia Episcopal Española

Nota de prensa de la Comisión Permanente de la Conferencia Episcopal Española

La Comisión Permanente de la Conferencia Episcopal Española (CEE) ha tenido su reunión número 253, en Madrid los días 6 y 7 de julio de 2020.

Temas de la reunión

El confinamiento decretado con la declaración del estado de alarma ha llevado consigo la paralización de muchas actividades pastorales y la suspensión de la convocatoria pública de la celebración de la Eucaristía, como consecuencia de la recomendación sanitaria y gubernamental de permanecer en casa. Al no poder participar la inmensa mayoría del pueblo de Dios en la Misa dominical, la Comisión Ejecutiva de la CEE, en su reunión del 13 de marzo, víspera de la entrada en vigor del estado de alarma, recomendó que «durante este tiempo cada Obispo pueda dispensar del precepto dominical a quienes no participen presencialmente en la Eucaristía por estos motivos».

El pueblo de Dios ha vivido un sorprendente ayuno eucarístico que ha avivado el deseo del encuentro con el Señor en la escucha de la Palabra, en la oración doméstica y en el servicio a los pobres. Incluso las celebraciones a través de los medios nos han ayudado a reconocernos como pueblo de la Eucaristía que experimenta que

sin el Domingo no puede vivir. Parece muy conveniente impulsar esta experiencia de profundización en el significado de la celebración eucarística, sacramento de nuestra fe y fuente viva de amor fraterno y de esperanza.

Por ello, finalizado el estado de alarma y modificadas las circunstancias, conviene animar al pueblo de Dios a la celebración presencial de la Eucaristía, especialmente el Domingo, con las prudentes medidas de prevención de contagios. Por ello, la Comisión Permanente de la CEE recomienda a los Obispos, teniendo en cuenta las circunstancias de sus Diócesis, proponer el criterio habitual de la Iglesia respecto a la participación de los fieles en la Misa dominical recogido en el Catecismo de la Iglesia Católica (2180-2183).

Este nuevo impulso, prudente por la pandemia que permanece entre nosotros, ha de recordar la llamada a todo fiel católico a participar, de manera presencial, en la celebración común de la Eucaristía dominical como testimonio de pertenencia y fidelidad a Cristo y a su Iglesia.

Congreso de Laicos

El presidente de la Comisión Episcopal para los Laicos, Mons. Carlos Escribano ha informado, junto al director del Secretariado de la Comisión, Luis Manuel Romero sobre el resultado y el trabajo realizado durante este tiempo para poner en marcha las conclusiones de la ponencia final del Congreso de Laicos «Pueblo de Dios en Salida» que se celebró el pasado mes de febrero.

Se ha presentado una guía de trabajo que recoge las aportaciones que se hicieron en el Congreso de laicos enmarcadas en el contexto teológico y antropológico. Tomando como punto de partida este trabajo, se ha hecho una propuesta metodológica sobre como hacer el postcongreso siguiendo los cuatro itinerarios que lo marcaron: primer anuncio, acompañamiento, proceso formativo y pre-

sencia en la vida pública. La Comisión Permanente ha acordado la creación de un consejo asesor de laicos que asesoren sobre el modo de llevar adelante todas estas iniciativas.

En otro orden de cosas, la C.E. para los Laicos y Familia y vida y la C.E. de Pastoral Social y Promoción Humana, ha presentado el borrador de una nota pastoral con motivo de la celebración los próximos días 25 y 26 la Jornada por los afectados de la pandemia, poniendo una mirada especial en la situación de los ancianos que han sufrido las consecuencias más dramáticas de esta situación. La posibilidad de un documento pastoral sobre la ancianidad en la sociedad y en la Iglesia se seguirá estudiando en la Comisión Episcopal.

Otros temas del orden del día

La Comisión Permanente ha aprobado el calendario de reuniones de los órganos de la Conferencia Episcopal Española para el año 2021. Los ejercicios espirituales tendrán lugar del 10 al 16 de enero. Las Asambleas Plenarias del 19 al 23 de abril y del 15 al 19 de noviembre. Y las reuniones de la Comisión Permanente serán del 23 al 24 de febrero, del 22 al 23 de junio y del 28 al 29 septiembre. Además, han recibido información sobre distintos temas de seguimiento.

También se ha informado a la Comisión Permanente sobre el trabajo realizado por TRECE TV y COPE durante el tiempo de la pandemia, facilitando el acceso a las celebraciones religiosas de la Santa Sede, de manera especial durante la Semana Santa y otras convocatorias eclesiales.

Nombramientos

La Comisión Permanente ha confirmado, por un periodo de cuatro años, a los directores de secretariados de las siguientes Comisiones y Subcomisiones Episcopales:

- Jesús Pulido Arriero, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Doctrina de la Fe.
- Rafael Vázquez Jiménez, como director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para las Relaciones Interconfesionales y Diálogo Interreligioso.
- Juan Luis Martín Barrios, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Evangelización, Catequesis y Catecumenado.
- Raquel Pérez Sanjuán, como directora del Secretariado de la Subcomisión Episcopal de Universidades y Cultura.
- Pablo Delclaux de Müller, como director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para el Patrimonio Cultural.
- José María Calderón Castro, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para las Misiones y Cooperación entre las Iglesias.
- José Gabriel Vera Beorlegui, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para las Comunicaciones Sociales.
- Fernando Fuentes Alcántara, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Pastoral Social y la Promoción Humana.
- Juan Carlos Mateos González, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para el Clero y los Seminarios.
- Sergio Requena Hurtado, como director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para los Seminarios.
- Luis Manuel Romero Sánchez, como director del Secretariado de la Comisión Episcopal para los Laicos, la Familia y la Vida.
- Raúl Tinajero Ramírez, como director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para la Juventud e Infancia.
- Nombramientos de nuevos directores de Secretariados de Comisiones y Subcomisiones Episcopales:

- Raquel Pérez Sanjuán, IT, directora del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Educación y Cultura.
- Ramón Navarro Gómez, director del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Liturgia.
- Hna. María José Tuñón Calvo, ACI, directora del Secretariado de la Comisión Episcopal para la Vida Consagrada.
- María Francisca Sánchez Vara, directora del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para las Migraciones y Movilidad Humana.
- Vicente Martín Muñoz, sacerdote de la archidiócesis de Mérida Badajoz, director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para la Acción Caritativa y Social.
- Miguel Garrigós Domínguez, sacerdote de la archidiócesis de Toledo, director del Secretariado de la Subcomisión Episcopal para la Familia y la Defensa de la Vida.

Otros nombramientos:

- Mons. Fidel Herráez Vegas, arzobispo de Burgos, Consiliario de la Asociación Católica de Propagandistas.
- P. Santiago Domínguez Fernández, SDB, Asesor Religioso de «DIDANIA - Federación de Entidades Cristianas de Tiempo Libre».
- Jesús Manuel Herreros Recio, sacerdote de la diócesis de Palencia, como Consiliario General del Movimiento de Acción Católica «Juventud Estudiante Católica».

Santa Sede



- Carta del Santo Padre Francisco a todos los fieles para el mes de mayo de 2020

Carta del Santo Padre Francisco a todos los fieles para el mes de mayo de 2020

Queridos hermanos y hermanas:

Se aproxima el mes de mayo, en el que el pueblo de Dios manifiesta con particular intensidad su amor y devoción a la Virgen María. En este mes, es tradición rezar el Rosario en casa, con la familia. Las restricciones de la pandemia nos han «obligado» a valorizar esta dimensión doméstica, también desde un punto de vista espiritual.

Por eso, he pensado proponerles a todos que redescubramos la belleza de rezar el Rosario en casa durante el mes de mayo. Ustedes pueden elegir, según la situación, rezarlo juntos o de manera personal, apreciando lo bueno de ambas posibilidades. Pero, en cualquier caso, hay un secreto para hacerlo: la sencillez; y es fácil encontrar, incluso en internet, buenos esquemas de oración para seguir.

Además, les ofrezco dos textos de oraciones a la Virgen que pueden recitar al final del Rosario, y que yo mismo diré durante el mes de mayo, unido espiritualmente a ustedes. Los adjunto a esta carta para que estén a disposición de todos.

Queridos hermanos y hermanas: Contemplar juntos el rostro de Cristo con el corazón de María, nuestra Madre, nos unirá todavía más como familia espiritual y nos ayudará a superar esta prueba. Rezaré por ustedes, especialmente por los que más sufren, y ustedes, por favor, recen por mí. Les agradezco y los bendigo de corazón.

Francisco

Oración a María

Oh María,
tú resplandesces siempre en nuestro camino
como un signo de salvación y esperanza.

A ti nos encomendamos, Salud de los enfermos,
que al pie de la cruz fuiste asociada al dolor de Jesús,
manteniendo firme tu fe.

Tú, Salvación del pueblo romano,
sabes lo que necesitamos
y estamos seguros de que lo concederás
para que, como en Caná de Galilea,
vuelvan la alegría y la fiesta
después de esta prueba.

Ayúdanos, Madre del Divino Amor,
a conformarnos a la voluntad del Padre
y hacer lo que Jesús nos dirá,

Él que tomó nuestro sufrimiento sobre sí mismo
y se cargó de nuestros dolores
para guiarnos a través de la cruz,
a la alegría de la resurrección. Amén.

Bajo tu amparo nos acogemos, Santa Madre de Dios,
no desprecies nuestras súplicas en las necesidades,
antes bien líbranos de todo peligro, oh Virgen gloriosa y bendita.

Oración a María

«Bajo tu amparo nos acogemos, Santa Madre de Dios».

En la dramática situación actual, llena de sufrimientos y angustias que oprimen al mundo entero, acudimos a ti, Madre de Dios y Madre nuestra, y buscamos refugio bajo tu protección.

Oh Virgen María, vuelve a nosotros tus ojos misericordiosos en esta pandemia de coronavirus, y consuela a los que se encuentran confundidos y lloran por la pérdida de sus seres queridos, a veces sepultados de un modo que hiere el alma. Sostiene a aquellos que están angustiados porque, para evitar el contagio, no pueden estar cerca de las personas enfermas. Infunde confianza a quienes viven en el temor de un futuro incierto y de las consecuencias en la economía y en el trabajo.

Madre de Dios y Madre nuestra, implora al Padre de misericordia que esta dura prueba termine y que volvamos a encontrar un horizonte de esperanza y de paz. Como en Caná, intercede ante tu Divino Hijo, pidiéndole que consuele a las familias de los enfermos y de las víctimas, y que abra sus corazones a la esperanza.

Protege a los médicos, a los enfermeros, al personal sanitario, a los voluntarios que en este periodo de emergencia combaten en primera línea y arriesgan sus vidas para salvar otras vidas. Acompaña su heroico esfuerzo y concédeles fuerza, bondad y salud.

Permanece junto a quienes asisten, noche y día, a los enfermos, y a los sacerdotes que, con solicitud pastoral y compromiso evangélico, tratan de ayudar y sostener a todos.

Virgen Santa, ilumina las mentes de los hombres y mujeres de ciencia, para que encuentren las soluciones adecuadas y se venza este virus.

Asiste a los líderes de las naciones, para que actúen con sabiduría, diligencia y generosidad, socorriendo a los que carecen de lo necesario para vivir, planificando soluciones sociales y económicas de largo alcance y con un espíritu de solidaridad. Santa María, toca las conciencias para que las grandes sumas de dinero utilizadas en la incrementación y en el perfeccionamiento de armamentos sean destinadas a promover estudios adecuados para la prevención de futuras catástrofes similares.

Madre amantísima, acrecienta en el mundo el sentido de pertenencia a una única y gran familia, tomando conciencia del vínculo

que nos une a todos, para que, con un espíritu fraterno y solidario, salgamos en ayuda de las numerosas formas de pobreza y situaciones de miseria. Anima la firmeza en la fe, la perseverancia en el servicio y la constancia en la oración.

Oh María, Consuelo de los afligidos, abraza a todos tus hijos atribulados, haz que Dios nos libere con su mano poderosa de esta terrible epidemia y que la vida pueda reanudar su curso normal con serenidad.

Nos encomendamos a Ti, que brillas en nuestro camino como signo de salvación y de esperanza. ¡Oh clementísima, oh piadosa, oh dulce Virgen María! Amén.

Francisco

